


# ANIMAIS DA SABANA



TÍTULO: Animais da Sabana

AUTORAS: Cuervo Soto Cristina & Dieste Velázquez Matilde

PUBLICACIÓN: Curso 2021-2022

Ilustracións: imaxes con licencia CC BY recollidas no documento de referenciación multimedia da ODE.

A Sabana africana é un hábitat que alberga unha gran variedade de especies de animais. A zona onde podemos atopalos depende das súas necesidades de alimentación: carnívoros e herbívoros. Estes son os principais tipos de animais da sabana africana, segundo a súa alimentación.



## Herbívoros da Sabana africana

Moitos dos animais que atopamos na Sabana africana son herbívoros de gran tamaño, o cal se debe as grandes cantidades de estrato herbáceo que se dan na Sabana e á adaptación destes animais para alimentarse de plantas moi variadas. Estes animais ademais migran durante a estación seca.

As crías destes animais herbívoros son moi precoces e desenvólvense rápido, por exemplo, camiñan ao pouco intre de nacer.

Cebras, cabalos, ñus, antílopes, cervos, gacelas, xirafas, rinocerontes, elefantes, búfalos, avestruces e okapis.



## Carnívoros da sabana africana

Os carnívoros poden ser depredadores ou preeiros, dependendo da forma pola que conseguen o seu alimento: **Depredadores**: son os que cazan a presa viva para comela. **Preeiros**: consomen tecidos de animais mortos.

Na sabana existe unha gran variedade de animais carnívoros tales como os seguintes:



Leóns,  
guepardos, leopardos,  
hienas, cans  
salvaxes e a mamba  
negra ( é a serpe  
máis velenosa de  
África )

## Segundo a súa forma de reprodución podemos atopar:

**Mamíferos da Sabana africana:** a maior parte dos animais máis coñecidos na sabana africana pertencen ao grupo dos mamíferos.

- **Primates**, como o mono patas, o cercopiteco verde ou os babuinos.
- **Ungulados** (animais que teñen pezuños) herbívoros como cebras, antílopes, impalas, alces africanos, xirafas, gacelas, ñus, rinocerontes, elefantes, búfalos ou hipopótamos.
- **Carnívoros** como leóns, leopardos, guepardos, hienas, chacales, raposos ou mangostas, como os famosos suricatos.
- **Insectívoros** que basean as súas dietas en inxerir termitas como o porco formigueiro, o pangolín xigante ou o lobo de terra.



# Ovíparos da sabana africana

## Aves da Sabana africana

Na sabana africana podemos atopar diversas especies de aves como:

- \* Avestruz, a grande ave corredora.
- \* O sagitario ave de presa que caza desde o chan.
- \* Aves preeiras como o marabú e algúns voitres.
- \* Paxaros rato ( *Colius striatus*).
- \* Estorniños.
- \* Tecedores, que fabrican os seus niños en forma de globo ou de ampola.
- \* Quelea común considerado como unha praga na agricultura comparable para o efecto que causan nela as lagostas.



## Réptiles da sabana africana

Algúns representantes deste grupo de animais de sangue frío que se poden atopar nestes ecosistemas son as seguintes especies de réptiles da sabana:

- \* Tartaruga sulcata.
- \* Crocodilo africano.
- \* Serpes como a mamba negra.





## Insectos da sabana africana

En último lugar, pero non menos importante posto que a Sabana está habitada na súa maioría por eles, atópanse os insectos, os cales durante a estación seca tamén migran grandes distancias, pois se alimentan da vexetación da zona.

Entre os insectos máis importantes da sabana atópanse ;

Formigas, saltóns  
, termitas, mosquitos  
que transmiten a  
febre amarela,  
mosca tsetsé,  
escaravellos, , grilos  
ou tábanos.





Que vos parece todo o que aprendemos dos animais? E aínda quedan moitísimas cousas máis, por exemplo sabedes que o guepardo é o animal máis rápido do mundo en zona terrestre; ou que a Mamba negra é a serpe máis velenosa do mundo. Podería seguir contándovos curiosidades como estas todo o día pero mellor imos comprobar canto recordades.

